

BLOQUE II: FILOSOFÍA MODERNA

FENOMENISMO E CAUSALIDADE EN HUME

0.- INTRODUCCIÓN PARA OS COMENTARIOS

XIRO SUBJECTIVISTA: Característica básica de toda a Filosofía moderna fronte a filosofía antiga: xiro subjectivista: primacía do suxeito sobre o obxecto; isto implica a primacía da teoría do coñecemento fronte á ontoloxía.

O xiro subjectivista é común ás dúas grandes correntes:

A) **Racionalistas** modernos continentais: **Descartes, Espinoza e Leibniz**

B) **Empiristas** modernos ingleses: **Locke, Berkeley e Hume**

Pero estas dúas correntes **diferéncianse na maneira de entender o coñecemento en catro puntos:**

- Orixe do coñecemento	{ Racionalistas: ideas innatas da propia razón Empiristas: a experiencia : non existen ideas innatas
- Alcance do coñecemento	{ Racionalistas: ilimitado : a razón é todopoderosa Empiristas: limitado á experiencia
- Validez do coñecemento	{ Racionalistas: podemos ter un coñecemento válido da realidade: dogmatismo e, por tanto, defenden a metafísica . Empiristas: Hume remata por dicir que non podemos ter un coñecemento válido: escepticismo, critican a metafísica .
- Método do coñecemento	{ Racionalistas: deductivo Empiristas: inductivo

1.- VIDA, OBRAS E IDEAS FUNDAMENTAIS DE HUME

David Hume é o último e máis importante representante da corrente do empirismo moderno inglés (xunto con Locke e Berkeley). Naceu o ano 1711 en Edimburgo, e alí morreu o ano 1776 (**século XVIII**). As súas **obras máis importantes** son *Tratado da natureza humana* e *Investigación sobre o entendemento humano*. En ambos escritos **continúa a dirección empirista da filosofía iniciada por Locke**, só que **levándoa ata as súas últimas consecuencias**.

- **Segundo Locke**, non existe ningún coñecemento válido que non sexa **derivado da experiencia**. Por experiencia hai que entender toda a información que adquire a mente humana a través dos sentidos (vista, tacto, gusto, etc.) **Aos contidos da mente** así adquiridos **chámalles Locke “ideas”**. E di que **hai “ideas simples” (percepcións)**, como as de amarelo, branco, calor, frío, brando, duro,

amargo, doce, etc., e que con elas o entendemento forma outras máis complexas (“**ideas complexas**”) que son os **conceptos**. Polo tanto, **para Locke o coñecemento humano consiste ou nunha idea simple ou nunha combinación de ideas simples**.

- **Hume, en cambio**, chama ás ideas simples de Locke “**impresións**” e as ideas complexas “**Ideas**” e considera, coma el, que **toda idea que non proceda dunha impresión previa será un produto da imaxinación sen ningunha validez obxectiva**.

Logo, **para Hume, só existen dúas clases de saber**:

A)“Relacións de ideas” que son coñecementos verdadeiros pero independentes do mundo, sen base na experiencia, por exemplo as matemáticas.

B)“Cuestións de feito” que son as que **se apoian en algunha impresión da experiencia**, pero **non son leis que predigan cientificamente o futuro, senón crenzas apoiadas no costume (ex. principio de causalidade)**.

- **Cando a filosofía pretende falar de temas metafísicos**, neste caso non se trata **nin de “cuestións de feito” nin de “relación de ideas”**, polo tanto **estas ideas metafísicas son falsas**, por iso di Hume: tomemos **un libro e se este fala de cuestións metafísicas, votémolo ao lume**.

De aquí séguese que **o entendemento carece de coñecementos válidos se non se apoia na experiencia**. Polo tanto, para os empiristas **non existe ningún coñecemento innato (critica aos racionalistas coma Descartes)**. Esta redución de todo o coñecemento a impresións sensibles chámase **fenomenismo** (do grego *phainomenon*, que quere dicir “o que aparece nos sentidos”). De acordo con esta teoría, **o ser humano non coñece as cousas tal e como son en si mesmas, senón só como aparecen ou se amosan ós sentidos**. Nin sequera, afirma Hume, podemos considerar que exista un mundo real exterior a nosoutros. **O único que estamos autorizados racionalmente a dicir é que “percibimos” un mundo, mais non que ese mundo exista realmente á marxe das nosas percepcións ou impresións**.

A) Crítica do concepto de substancia tanto pensante como extensa: o único que temos é un conxunto de percepcións, unha especie de “feixe de perfeccións” ás que nos lle atribuímos unidade para consideralas sustancia, pero que en realidade non teñen unidade ningunha, e por tanto non existe nin a sustancia pensante (eu, res cogitans) nin a sustancia extensa (cousas materiais).

B)Crítica radical do principio de causalidade: Hume tamén aplicou o fenomenismo á análise do concepto de “causa”. **A ciencia moderna (Física) apoiábase nese concepto** para ofrecer unha concepción “**determinista**” da natureza. Considerábase que todos os fenómenos que ocorren na natureza están causados por outros fenómenos naturais previos. En consecuencia, bastaría con coñecer todas as causas que operan na natureza para poder deducir de aí toda a historia posterior do mundo físico. Temos, polo tanto, que **a certeza e poder predictivo da ciencia depende do coñecemento das causas que actúan na natureza**, causas que a ciencia sempre trata de expresar **en forma de leis xerais** (lei de inercia, lei da forza, lei da gravidade, etc.)

Agora ben, **segundo Hume, a idea de causalidade non se deriva de ningunha experiencia**. Esta só nos amosa que habitualmente certos fenómenos seguen a outros, por exemplo, acercando un metal a unha fonte de calor dilátase. Sen embargo, insiste Hume, **nunca observamos unha causa ou conexión necesaria** entre dous fenómenos que nos permita concluír con absoluta certeza que un é a causa do outro. Isto significa que a **conexión causa-efecto** na que se basea a ciencia **non ten**

propriadamente un fundamento sólido. Trátase, máis ben, dunha crenza (*belief*) probable. O principio de causalidade **non é ningunha lei da natureza, senón o resultado do “costume”** de ver que dúas cousas se sucederon **no pasado**; por exemplo: a calor (causa) produce a dilatación dos metais (efecto). **Pero non podemos estar seguros que isto vaia a ocorrer no futuro.** Logo o principio de causalidade non é unha lei e, **polo tanto, a ciencia empírica coma a física, tampouco é unha ciencia.** Por iso, a filosofía de Hume, e todo o empirismo, **remata nun “escepticismo”**: non podemos coñecer a verdade cientificamente, **anque para a vida cotián supoñemos que o principio de causalidade funciona, por iso é un “escepticismo moderado” fronte ao dogmatismo racionalista.** O problema do escepticismo respecto da ciencia é o problema que Hume deixa plantexado para que Kant o solucione na súa “Crítica da razón pura”.

2.- ESQUEMA DOS COMENTARIOS DE HUME

- Introducción: xiro subxectivista e característica dos racionalistas e empiristas.
- Situar a Hume dentro da corrente empirista: lévaa ás súas últimas consecuencias
- Teoría do coñecemento:
 - Chama **impresións** ás ideas simples de Locke
 - Chama **ideas** ás ideas complexas de Locke
- Logo só existen **dúas clases de saber**:
 - a) **Relacións de ideas**: coñecementos verdadeiros pero sen relación co mundo, coñecemento non empírico coma as matemáticas. O racionalista alemán Leibniz denominou ás “relacións de ideas” de Hume “verdades de razón”, e logo Kant chámalles “xuízos analíticos a priori”.
 - b) **Cuestións de feito**: que son as que se apoian en algunha “impresión” da experiencia e si teñen relación co mundo, son empíricas. Leibniz chamoulles “verdades de feito” e Kant “xuízos sintéticos a posteriori”.
 - c) Logo para Hume **só existe un coñecemento verdadeiro que é científico**, pero que non é unha ciencia “empírica”, senón unha pura “relación de ideas” sen base na experiencia: **as matemáticas**. No tocante ao **coñecemento empírico**, isto é, ás **“cuestións de feito”** este **non constitúe un coñecemento verdadeiro**, xa que as cuestións de feito das que trata a Física, por exemplo, apóianse na experiencia e esta non nos pode asegurar un coñecemento universal e necesario para o futuro.
 - d) O noso coñecemento do mundo, das **“cuestións de feito” redúcese a impresións sensíbles: só coñecemos fenómenos** (as aparencias ou impresións que temos das cousas)
 - e) Por iso, Hume diseña unha **regra parecida** á do precursor do empirismo inglés pero aínda a finais da Idade Media: a **“navalla de Ockham”**. A regra de Hume consiste en entrar nunha biblioteca e ir mirando o que se escribe **nos libros: se nestes non aparecen escritas nin relacións de ideas nin cuestións de feito, deberemos tirar eses libros ao lume**, pois non esas frases non se apoian nin en impresións nin en ideas. Eses libros que merecen a fogueira **son os libros de metafísica**, pois falan de Deus, alma ou mundo, e ningunha destas ideas se pode reducir a unha impresión sensible (**crítica da metafísica**).
 - f) **Crítica do concepto de substancia** (pensante e extensa): o único que temos é un “feixe” de percepcións ás que nós atribuímos unidade para consideralo substancia, pero en realidade non teñen unidade ningunha. Por tanto, non existe nin a substancia pensante (res cogitans de Descartes) nin a sustancia extensa (res extensa)
 - g) **Crítica radical do “principio de causalidade”**: Hume tamén aplicou o fenomenismo á análise do concepto de “causa”. A ciencia moderna apoiábase nese concepto para ofrecer unha concepción determinista da natureza. Considerábase que todos os fenómenos que ocorren na natureza están causados por outros fenómenos naturais previos. Temos, polo

tanto, que a certeza e poder predictivo da ciencia depende do coñecemento das causas que actúan na natureza, causas que a ciencia sempre trata de expresar en forma de leis xerais (lei de inercia, lei da forza, lei da gravidade, etc.) Agora ben, segundo Hume, a idea de causalidade non se deriva de ningunha experiencia. Esta só nos amosa que habitualmente certos fenómenos seguen a outros, por exemplo, acercando un metal a unha fonte de calor dilátase. Sen embargo, insiste Hume, nunca observamos unha causa ou conexión necesaria entre dous fenómenos que nos permita concluír con absoluta certeza que un é a causa do outro. Isto significa que a conexión causa-efecto na que se basea a ciencia non ten propiamente un fundamento sólido. Trátase, máis ben, dunha crenza (*belief*) probable. O principio de causalidade non é ningunha lei da natureza, senón o resultado do costume de ver que dúas cousas se sucederon no pasado; por exemplo: a calor (causa) produce a dilatación dos metais (efecto). Pero non podemos estar seguros que isto vaia a ocorrer no futuro. Logo o principio de causalidade non é unha lei e, polo tanto, a ciencia empírica coma a física, tampouco é unha ciencia. Por iso, a filosofía de Hume, e todo o empirismo, remata nun “escepticismo”: non podemos coñecer a verdade cientificamente, anque para a vida cotián supoñemos que o principio de causalidade funciona, por iso é un “escepticismo moderado” fronte ao dogmatismo racionalista.

- h) **O problema do escepticismo respecto da ciencia é o problema que Hume deixa plantexado para que Kant o solucione na súa “Crítica da razón pura”.** Logo a física non é unha ciencia e en xeral toda “cuestión de feito”, toda cuestión empírica non pode ser científica. **Kant solucionará este problema** dicindo que ademais de relacións de ideas (xuízos analíticos a priori) e cuestións de feito (xuízos sintéticos a posteriori) **existen tamén “xuízos sintéticos a priori”!** que se fundamentan non nos feitos empíricos, senón nos elementos a priori da nosa forma de coñecer o mundo (no espacio e tempo da sensibilidade e nas categorías do entendemento): **así xustifica Kant mediante o seu “xiro copernicano” a física de Newton como ciencia.**

CONCLUSIÓNS OU INTRODUCCIÓNS PARA HUME

- Facer unha historia xeral do racionalismo e empirismo dende os gregos ata Hume: Platón-Aristóteles; Agostiño-Tomé/xiro subxectivista/ racionalistas e empiristas modernos.

- **Facer unha historia do “principio de causalidade” dende Aristóteles ata Kant:**

a) **Aristóteles:** final da “Física” di “todo o que se move é movido por outro”, isto leva á metafísica: a teoloxía ou teoría do motor inmóbil, pois o regreso nas causas non pode ser infinito, ten que haber unha primeira causa pero que non funciona como primeira no tempo, pois tempo e movemento son eternos, senón que funciona como “causa final”: o motor inmóbil “gnoesis gnoeseos”: pensamento autopensante que atrae por amor, orixe de todos os cambios.

b) **Santo anselmo de Canterbury:** utiliza o principio de causalidad para demostrar a existencia de Deus a priori: “todos temos a idea dun ser maior que o cal nada se pode pensar, logo ten que existir”. Vai da causa ao efecto: propter quid.

c) **Santo Tomé de Aquino:** utiliza o principio de causalidade para demostrar a existencia de Deus nas súas 5 vías. Pero como seguindo a Aristóteles é empirista, demostra a existencia de Deus partindo do efecto para chegar á causa: “quia”

d) **Guillermo de Ockham:** critica por primeira vez o principio de causalidade: só é válido se temos experiencia da causa e tamén do efecto. Logo critica todas as vías de Tomé, pois todas parten dun efecto que si se da na experiencia, pero logo chegan á causa (Deus) que non se dá na

experiencia. Por iso, segundo Ockham, non podemos demostra utilizando a razón a existencia de Deus, senón que só podemos crer nela. Por iso a existencia xa non é un contido común á razón e á fe, un preámbulo, coma en Tomé, senón que Ockham di que razón e fe non teñen contidos comúns, senón que son fontes de coñecemento radicalmente “separadas”: os preámbulos de Tomé convértense en “artigos de fe”: só podemos crer en Deus mediante a fe, non demostralo mediante a razón. A isto chámasele “fideísmo” de Ockham, inglés medieval que influiría na filosofía inglesa empirista moderna.

d) Descartes: utiliza o principio de causalidade para demostrar a existencia de Deus, pois unha das demostracións é o argumento ontolóxico de Santo Anselmo e outra delas pregúntase pola “causa” da existencia do “cógito” chegando á idea de Deus como “causa sui” (causa de si mesmo)

e) Hume: critica radicalmente o principio de causalidade: non é un principio válido nin siquiera dentro da experiencia como dicía o seu antecedente medieval Ockham. Só é resultado do costume de velos unidos no pasaso, pero sin capacidade para predicir o futuro, (os metais poderían non dilatarse no futuro), logo a física que se apoia no principio de causalidade para establecer as súas leis, non é ciencia (só son cuestión de feito, empíricas, pero non científicas: universais en necesarias): escepticismo de Hume respecto do coñecemento científico.

f) Kant: O principio de causalidade non é unha cuestión de feito (ou xuízo sintético a posteriori), tampouco é unha relación de ideas (ou xuízo analítico a priori), senón un “xuízo sintético a priori”, non procede da experiencia, senón que a precede a priori, é a “forma” do noso coñecemento intelectual: é unha categoría de relación que necesariamente aplicamos aos fenómenos da experiencia e por iso buscamos sempre cal é a causa de calquera fenómeno empírico, anque os feitos varíen, a nosa “forma” de coñecelos a priori non varía. Logo a física de Newton é ciencia, pois apoia non nos feitos, senón na nosa forma de coñecelos a priori: xiro copernicano de Kant.

- **Facer unha historia do concepto de substancia dende Aristóteles ata Kant:**

a) Substancia en Aristóteles: soluciona o “xorismós” de Platón coa teoría hilemórfica: Definición de substancia “o que é en si e non en outro”; definición de accidentes: “o que é en outro”. A substancia é un composto “inseparable” de materia (principio de individuación) + forma (esencia). Toda substancia é un composto de materia e forma (ontoloxía), salvo deus (teoloxía): o motor inmóvil que é forma sen materia, acto sen potencia, acto puro, “gnoesis gnoeseos” (pensamento autopensante).

b) Substancia en Tomé de Aquino: modifica a teoría de Aristóteles para adaptala ao cristianismo: introduce a distinción esencia-existencia tomada o árabe Avicena, para explicar filosoficamente o concepto cristián de “creación ex nihilo” utilizando o concepto platónico de “participación”. Mentres que o ser Creador: Deus, non se compón de esencia e existencia, senón que nel a esencia identifícase coa existencia, en troques os seres creados son un composto de esencia e existencia (participada por Deus). Para Tomé a substancia creada é un composto inseparable de existencia e esencia, sendo a esencia dos seres materiais un composto de materia e forma, mentres que a esencia dos seres espirituais é só forma. En resumo: introduce a distinción esencia-existencia, a esencia dos seres materiais non é a forma, coma para Aristóteles, senón o composto de materia e forma e estende a distinción potencia-acto tamén á distinción esencia-existencia. Ademais Deus non é só causa final, como para Aristóteles, senón que é causa final e tamén causa eficiente por ser un Deus creador ex nihilo.

- c) **Substancia en Descartes:** Tras o “xiro subxectivista” Descartes define a substancia como: “o que non necesita de outra cousa para existir” (distinta á definición de Aristóteles, pois na definición de Aristóteles non se fala da independencia), propiamente só a substancia infinita, Deus, é substancia, pero Descartes di que “análogamente” podemos aplicar esta definición á substancia pensante (res cogitans) e á substancia extensa (res extensa). Conclusión: a substancia pensante non necesita de outra cousa para existir, é dicir, non necesita do corpo; e a substancia extensa non necesita doutra cousa para existir, é dicir, non necesita da alma: En consecuencia corpo e alma son substancias independentes: unha é o reino do determinismo mecanicista propio da ciencia moderna, outra é o reino non determinado da liberdade. Problema ¿Cal é a súa relación? Descartes di a “glándula pineal”, sería ao mesmo tempo sustancia pensante e sustancia extensa, isto é contradictorio coa súa definición de substancia. Este problema será algo que intentan solucionar a maioría dos filósofos racionalistas modernos: Malebranche coa teoría do ocasionalismo, Espinoza coa teoría da única substancia; Deus ou natureza, Leibniz coa teoría da harmonía preestablecida; e Kant dirá que o determinismo circunscríbese na esfera do “fenómeno” e a liberdade pertence á esfera do noumeno.
- d) **Crítica do concepto cartesiano de substancia en Locke:** No “Ensaio sobre o entendemento humano” Locke **critica o racionalismo de Descartes** dicindo que **non existen ideas innatas**, senón que cando nacemos o noso entendemento é unha **“tábula rasa”**; en consecuencia todo o coñecemento adquirido posteriormente ten a súa orixe na experiencia: as ideas do entendemento proceden da experiencia. Estas ideas adquiridas polo entendemento a partires da experiencia son de **dous tipos: simples e complexas**. Segundo Locke **a substancia é unha “idea complexa” que agrupa os accidentes ou calidades** que son ideas simples que adoitamos percibir xuntas. **O erro da filosofía consiste en dar un paso máis e considerar a idea de substancia non só como un conxunto de sensacións ou ideas simples, senón como unha realidade material que funciona como soporte das sensacións.** Pero segundo o empirismo de Locke nós só estamos autorizados a dicir que temos unha “idea complexa” de substancia que reúne “ideas simples” ou calidades, pero non que a substancia sexa algo material. Segundo Locke **non coñecemos a substancia, ou como el di: a substancia é un non sei que**. Esta crítica do concepto de substancia **afecta á filosofía de Descartes que falaba de tres substancias: infinita (Deus), pensante e extensa**. Se o concepto de substancia non é válido a filosofía de Descartes é incorrecta ao falar de substancia infinita, pensante e extensa.
- e) **Crítica de Hume do concepto de substancia** (pensante e extensa de Descartes): En lugar de chamarlle ideas simples que se agrupan nunha idea complexa como fai Locke, **Hume di que a substancia é “feixe de percepcións” ás que nós lle atribuímos unidade** para consideralas como substancia, **pero en realidade non teñen unidade**. Logo non existe a substancia pensante nin a extensa de Descartes.
- f) **O concepto de substancia en Kant:** Kant **sintetiza racionalismo e empirismo** dicindo que **teñen parte de razón os racionalistas** ao dicir que hai elementos do coñecemento que non proceden da experiencia, **“elementos a priori”**, e **tamén teñen parte de razón os empiristas** ao dicir que todo coñecemento comeza coa experiencia, **“elementos a posteriori”** do coñecemento. **Kant considera que o concepto de substancia é un “elemento a priori” do coñecemento intelectual, unha “categoría do entendemento” formada “espontaneamente” polo entendemento e que debe ser aplicada aos fenómenos da sensibilidade constituídos polo espacio e tempo e as impresións sensíbeis** se queremos acadar coñecemento científico. Isto significa que **os empiristas tiñan algo de razón ao dicir que a substancia non é algo que exista como “cousa en si” no mundo, sendo máis ben unha idea do suxeito cando coñece a realidade**. Pero os empiristas **non se decataron de que a substancia non é simplemente un**

“feixe de percepcións”, como di Hume, ao que nos lle atribuímos unidade, senón que precisamente, ao coñecer, o coñecemento ten que darlle unidade ás representacións mediante as categorías. Cando o entendemento non aplica categorías a “fenómenos”, senón a “noúmentos”, entón non se produce coñecemento, senón unha aparencia de coñecemento, unha “ilusión trascendental”, iso é o que ocorre cos obxectos transcendentos da metafísica: Deus, alma e mundo; e por iso a metafísica non é ciencia nin poderá sêlo nunca.

TEXTOS ABAU DE HUME:

 anterior

seguinte 

D.HUME –texto 7

Investigación sobre o coñecemento humano, S. IV; Part I

22. Todos os razoamentos referentes a materias de feito, parecen estar fundados na relación de causa e efecto. Por medio desa única relación podemos ir máis aló da evidencia da nosa memoria e dos nosos sentidos. Se se lle preguntara a un home por qué cre calquera cuestión de feito que non ten presente –por exemplo que o seu amigo está no campo ou en Francia– daría unha razón; e esta sería algún outro feito, como unha carta recibida ou o coñecemento dos seus propósitos e promesas anteriores. Un home que encontrase un reloxo ou calquera outra máquina nunha illa deserta, concluiría que unha vez houbo homes nesa illa. Todos os nosos razoamentos concernentes a feitos son da mesma natureza. E neles suponse constantemente que hai unha conexión entre o feito presente e ese que se infire del. Se non houbese nada que os ligase, a inferencia sería completamente precaria. Oír unha voz articulada e un discurso racional na escuridade garántenos a presenza dalgunha persoa: ¿Por que? Porque estes son efectos de produción e fabricación humanas, estreitamente conectados con elas. Se analizamos todos os demais razoamentos desta natureza, atoparemos que están baseados na relación de causa e efecto, e que esta relación pode ser próxima ou remota, directa ou colateral. A calor e a luz son efectos colaterais do lume, e un efecto pode inferirse correctamente do outro. 23. Polo tanto, se quixeramos satisfacernos no referente á natureza da evidencia que nos garante as cuestións de feito, deberíamos preguntarnos como chegar ó coñecemento da causa e do efecto. Aventurareime a afirmar, como proposición xeral que non admite excepcións, que o coñecemento desta relación non se acada en ningún caso por razoamentos a priori, senón que procede da experiencia, na que achamos que uns obxectos particulares calquera están continuamente unidos entre si.

D. HUME; *Investigación sobre o coñecemento humano*, Sec. IV. Dúvidas escépticas acerca das Operacións do Entendemento; Parte I. Trad. galega de L.M. Varela Cabo (USC)

 anterior

seguinte 

D.HUME –texto 8

Tratado da natureza humana; L- I; Parte I; Sec. VI.

Preguntaría gustosamente ós filósofos que derivaron tantos dos seus razoamentos da distinción entre substancia e accidente e imaxinaron que temos ideas claras acerca delas, se a idea de substancia debe ser derivada das impresións de sensación ou de reflexión. Se nos é proporcionada polos nosos sentidos, pregunto por cál deles e de qué maneira. Se é percibida pola vista, debe ser unha cor; se polo oído, un son; se polo gusto, un sabor; e así para os outros sentidos. Pero non creo que alguén afirme que a substancia é unha cor, un son ou un sabor. A idea de substancia, se é que existe, debe logo derivarse das impresións de reflexión. Pero as impresións de reflexión divídense nas nosas paixóns e emocións, ningunha das cales é posible que represente unha substancia. Polo tanto, non temos ningunha idea de substancia distinta dunha colección de cualidades particulares, nin nos referimos a outra cousa cando falamos ou razoamos sobre ela. A idea de substancia, así como a de modo, non é senón unha colección de ideas simples reunidas pola imaxinación e que teñen un nome particular asignado, polo cal somos capaces de recuperar, para nós mesmos ou para outros, ese conxunto. Pero a diferenza entre estas ideas consiste nisto: que as cualidades particulares que forman a substancia se refiren normalmente a un algo descoñecido, ó cal son supostamente inherentes; ou aceptando que esta ficción no se produza, polo menos suponse que están conectadas de xeito próximo e indisoluble polas relacións de contigüidade e causalidade. O efecto disto é que calquera nova propiedade simple que atopemos que teña a mesma conexión co resto, inmediatamente a metemos entre elas, aínda que non estea na primeira concepción da substancia. Así, a nosa primeira idea do ouro pode ser que é de cor amarela, o peso, a maleabilidade e a fusibilidade, pero cando descubrimos a súa solubilidade en aqua regia, unímola ás outras cualidades e supoñemos que pertence ó concepto de substancia como se a súa idea formase parte dela dende o principio. O principio de unión, sendo considerado como a parte principal da idea complexa, dá entrada a calquera cualidade que se manifeste posteriormente, e é igualmente comprendido por el como as outras que se manifestaron en primeiro lugar. D. HUME; Tratado da Natureza Humana, Libro I, Do entendemento; Parte I, Das ideas: a súa orixe, composición e abstracción. Sec. VI. Dos modos e das substancias. Trad. galega de L.M. Varela Cabo (USC)